A Estrada, 25-8º-1966

Querido amigo Valentín: Un pedido de nai, que confía en min como eu confío en ti, é o que me move, a escribirche estas liñas, quedando ela e mais eu, moi esperanzadas de que has xestións que ti fagas no noso favor van dar os froitos desexados. Trátase de sacar "adiante", o rapaz José Costa Villamarín, sobriño do crego Luis Villamarín Saavedra, a quen eu quero como a un fillo, e que ti terás coñecido durante o derradeiro viaxe que acabas de facer a meu lembrado Bos Aires. Este rapaz que por ser bastante delicado non conqueriu aprobar a materia de Física do curso Selectivo, precisa de ti pra que no próximo mes de Septembre salga airoso no seu examen. A profesora a quen ten que rendir contas, chámase Doña Inmaculada Paz Andrade pensando eu, que debe de ser algunha das tuas irmáns. Prégoche pois, encarecidamente, que apoies con forza este pedido noso, quedando, de antemán, moi esperanzadas, e summamente agradecidas a ti e a tua irmán. ¡É súprica de nai... ¿Sabes Valentín? Dios que ha de premiarte tan grande favor, pol-a miña parte moitas moitísimas gracias.

Ainda que non teño noticias da nosa xente de Bos Aires, non dudo do ter éxito nas "tradicioales" xornadas galegas. Sentín moito non compartilas como de costume, pero co meu pensamento seguín todo paso a paso. Teño pensado ir un día a Vigo, e si pega de vernos xa me contarás. Despois de ter pasado en Lugo tres días ~~días~~ maravillosos na grata compaña da boa familia Villamarín, pasei outros tres con Alvaro e familia na sua casa de Viveiro, atopándome encantada con eles, e en aquel lugar, que é unha regalía dos ollos. Alvaro, con unha bronquitis de órdago, non tivo reparos en levarnos río abaixo na sua ben "acomodada"

barca. Onte saimos dirección Cruña onde xantamos, e de ali a Santiago seguindo eu camiño á Estrada. En Lugo visitei o Museo con Alvaro, e podo decirche que quedei encantada. En fin, miña excursión curta, pero con gran emoción, recibindo probas de sinceiro agarimo por parte de vellos e novos amigos.
Como non teño costume de escribir sin máquina non sei si entenderás este borrador. Suspendo pois, con apertas grandes pra Pilar Alfonso e ti da túa sempre amiga

[illegible]

Eu estarei por Eigun (Estrada) hasta sobor do 12 de Setembro.
Despois de esta data, Ibiza 39-1º izda
Madrid (9)

Eigun, Ciudad Jardín 21
La Estrada Pontevedra

Chao